

26 de outubro de 2023

Aos representantes sindicais nos Consorcios Provinciais,

Como vostedes saben as Deputacións Provinciais e a Xunta de Galicia participan e financian os catro Consorcios Provinciais para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O modelo inicial de xestión para a prestación deste servizo público foi o de xestión indirecta. Non obstante, no ano 2018 formulouse a posibilidade do cambio do modelo de xestión para pasar á xestión directa deste servizo público. Así, tras a correspondente tramitación, materializouse a xestión directa nos Consorcios Provinciais de Lugo (01/05/2019), A Coruña (01/01/2020) e Pontevedra (01/06/2021), e Ourense neste ano 2023.

Este cambio de modelo de xestión veu motivada e xustificada por entender que esta modalidade de xestión directa é máis sostible e eficiente para a prestación deste servizo, de conformidade coa lexislación de réxime local, aplicable a estes consorcios provinciais.

Nos acordos de cambio de modelo de xestión se prevía que o persoal de bombeiros se subrogaba en réxime de indefinido non fixo, para, posteriormente, a través dun proceso selectivo, de acordo co establecido na normativa correspondente, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, converterse en persoal indefinido dependente do consorcio respectivo.

É dicir, acometeríase un proceso selectivo dos bombeiros (a través dun concurso-oposición), respectando os principios rectores de acceso á función pública previstos na normativa reguladora da mesma para que os bombeiros se convertesen de forma definitiva en persoal fixo dos consorcios.

Malia o anterior, a raíz da sentenza do Tribunal Supremo-Sala do Social nº 270/2022, do 28/01/2022, nos Consorcios Provinciais manifestouse a vontade de aplicación desta sentenza, previo informe favorable da secretaría dos respectivos consorcios.

Ese informe establece que a materialización da fixeza do persoal subrogado polos Consorcios Provinciais require como trámites precisos simultaneamente coa fixeza a necesidade dun acordo que recolla as condicións laborais de aplicación a este persoal.

Cómpre recordar neste punto os acordos bilaterais asinados nos anos 2018 e 2019 entre as Deputacións Provinciais da Coruña e de Lugo e os representantes dos traballadores para o mantemento das condicións laborais dos bombeiros durante un período de 6 anos, dende a súa sinatura; é dicir, estes acordos están plenamente vixentes ata o ano 2024 ou/e 2025, polo tanto son actos firmes e consentidos por ambas as partes, porque por ningunha delas foron obxecto de impugnación ante calquera autoridade laboral ou xudicial.

Malia o anterior, por parte das administracións con boa fe negocial e co obxecto de chegar a acordos ofertouse aos traballadores asinar un convenio unificado en cada un dos consorcios que recollese as mellores condicións a nivel provincial dos convenios existentes e recoñecemento da condición de indefinidos fixos aos traballadores para negociar posteriormente un convenio en cada unha das provincias que homologase as condicións deste servizo nos catro consorcios.

Neste senso, como vostedes coñecen sempre houbo boa vontade negociadora pola nosa parte para acadar un acordo con esa representación sindical que sexa satisfactoria para os traballadores e para o propio servizo, pero, como non pode ser doutro xeito, sempre dentro da legalidade e das limitacións que estes consorcios teñen como administración pública que son.

En base ao anteriormente sinalado queremos trasladarlle o seguinte:

- Unha vez analizada a proposta de convenio presentada por esa representación sindical entendemos que esta non é viable nin económica nin xuridicamente.
- A materialización e implementación das previsións contidas nesa proposta de convenio invalidarían a xustificación do cambio do modelo de xestión acordado no seu día, tendo en conta que os citados acordos están vixentes e son firmes, xa que foron aceptados por ambas as partes, e que nunca foron impugnados ante calquera autoridade laboral ou xudicial.
- A rotura unilateral dun acordo firme e negociado por unha das partes pode ter diversas consecuencias, como o incumprimento das obrigacións pactadas, e a posibilidade de interpoñer reclamacións legais ante os tribunais de xustiza.
- A aplicación ao persoal do mantemento das condicións do posto de orixe do servizo contra incendios debe ser acordada nos Plenos de cada un dos consorcios provinciais e amparada polos informes favorables dos servizos xurídicos destas entidades; en ningún caso esta é automática para os traballadores, xa que habería que pór en marcha un proceso selectivo atendendo aos principios de publicidade, obxectividade e concurrencia, pois en caso contrario estaríase a vulnerar os mencionados principios constitucionais de acceso á función pública infrinxindo as normas e requisitos establecidos para o ingreso a un posto ou cargo público, como a igualdade de oportunidades, mérito e capacidade, transparencia e publicidade nos procesos de selección, entre outros.
- Instámoslles a que presenten unha nova proposta de convenio viable para ambas as partes e que responda aos criterios aos que as administracións públicas se ven sometidas de acordo coa Lei de Orzamentos do Estado, de aplicación obrigatoria para estas, e as demais disposicións legais de aplicación, así como a xurisprudencia existente.
- Así mesmo, entendemos que sería oportuno reconfigurar o modelo de reunións de negociación levadas a cabo ata este intre, para que estas foran máis dinámicas e operativas co obxecto, se é o caso, de poder chegar a acordos.

Polo tanto, reiterando a vontade por parte das catro Deputacións Provinciais e da Xunta de Galicia de chegar a un acordo con esa representación sindical, solicitámoslle unha nova proposta de convenio para a súa negociación entre todas as partes.

Atentamente,

**O presidente da Deputación
Provincial da Coruña**



D. Valentín González Formoso

**O presidente da Deputación
Provincial de Lugo**



D. José Tomé Roca

**O presidente da Deputación
Provincial de Ourense**



D. Luis Menor Pérez

**O presidente da Deputación
Provincial de Pontevedra**



D. Luis López Diéguez

**O vicepresidente primeiro e conselleiro
de Presidencia Xustiza e Deportes**



D. Diego Calvo Pouso